



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista provisional de admitidos/excluídos á convocatoria para a contratación laboral temporal de 1 peón para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Aprod Rural, Convocatoria 2022

Núm. Admvo. Expte: 2022/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000327

Mediante resolución de Alcaldía núm. 286/2022, de data 19/05/2022, aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 peón, para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Aprod Rural, Convocatoria 2022.

Con data do 19/05/2022 este concello presentou a oferta de emprego no Servizo de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Carballo, tal e como reflicte o Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Emprego e Igualdade.

Con data do 24/05/2022 a oficina de emprego de Carballo remitiu unha relación de currículos, co número de oferta 12-2022-5641, dos que varios candidatos manifestaron a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, remitindo novos candidatos por parte da oficina de emprego de Carballo con data do 25/05/2022.

Realizadas as comunicación telefónicas aos candidatos preseleccionados polo oficina de emprego de Carballo e rematado o prazo de presentación de instancias procederase a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, considerando que na base 6.1 das bases de selección establece que *“A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as”*.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para a selección de 1 peón para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe convocatoria 2022, que figura como anexo I desta resolución, de acordo co establecido na base 6ª das bases de selección.

De conformidade coa base sexta, a lista provisional de admitidos/excluídos elevarase a definitiva no caso de non haber aspirantes excluídos/as.

Como anexo II inclúese a listaxe de persoas aspirantes que non acreditan o coñecemento do idioma galego.

Segundo. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 7ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Isabel María Castro Añón, xefa do negociado de contabilidade deste concello.

Suplente: Mª Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello.

Vogais:

1. Alfredo Ángel Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.

Suplente: José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello.
Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

3. Marcial Álvarez Pose, policía local deste concello.
Suplente: Julio Torreira López, animador-monitor deportivo deste concello..

Secretaria: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello.
Suplente: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello.

Terceiro. Convocar ao tribunal para o **venres 3 de xuño de 2022, ás 8.00 horas na piscina municipal deste concello.**

Cuarto. Convocar aos aspirantes admitidos/as para a realización das probas selectivas da fase de oposición para o **venres 3 de xuño de 2022, ás 08.30 horas na piscina municipal deste concello.**

Quinto. Convocar aos aspirantes admitidos/as que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 1 ou equivalente para a realización da proba de coñecemento do galego para o **venres día 3 de xuño de 2022, ás 11.30 h, na Casa do Concello, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.**

Sexto. Expor a dita lista no Taboleiro de edictos deste concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>).

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García

ANEXO I: LISTAXE DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA 1 POSTO DE PEÓN FORESTAL

(Núm. Oferta oficina de emprego de Carballo: 12-2022-5641)

N	APELIDOS E NOME
1	DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO
2	GÓMEZ LEMA, MIGUEL
3	LEMA GARCÍA, SAMUEL
4	LÓPEZ SILVA, BELÉN
5	RÍO MARTÍNEZ, ISABEL
6	ROMAR ÁLVAREZ, CARLOS
7	SANTOS ABELLEIRA, MARÍA
8	VÁZQUEZ GARCÍA, JUAN FRANCISCO
9	VIDAL BOUZAS, ALEJANDRO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

1	VIDAL MIÑONES, DULZURA
0	

ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

Ningún

ANEXO II: ASPIRANTES ADMITIDOS QUE NON ACREDITAN O COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Nº	APELIDOS E NOME
1	DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO
2	LÓPEZ SILVA, BELÉN
3	RÍO MARTÍNEZ, ISABEL
4	ROMAR ÁLVAREZ, CARLOS
5	SANTOS ABELLEIRA, MARÍA
6	VIDAL MIÑONES, DULZURA